

## **Conclúe o curso de cociña saudable organizado pola Cámara**

**A entidade programará unha nova edición desta actividade formativa polo éxito de participación**

**Ferrol. 09/11/2011.** A Cámara de Comercio de Ferrol acaba de clausurar o obradoiro sobre cociña sa e natural no que participaron once profesionais de establecementos de hostalería e restauración da comarca.

A positiva valoración dos participantes no curso, unido á elevada demanda de solicitudes, que non se puideron atender na súa totalidade, levaron á entidade cameral a programar unha nova convocatoria desta actividade formativa para o próximo mes de xaneiro.

O obradoiro, que se desenvolveu nas instalacións cedidas desinteresadamente polo restaurante Giuseppe, contribuíu a fomentar a incorporación de pratos saudables —nos que prima a utilización de ingredientes como verduras, proteínas vexetais ou cereais ecolóxicos— nos menús dos establecementos hostaleiros da comarca.

Foi impartido por Marian Rodríguez Piñeiro, profesional con ampla experiencia neste tipo de cociña. Na actualidade, é docente no Centro Superior de Hostelería de Galicia e no aula de cociña de Novacaixagalicia. Entre as súas últimas colaboracións profesionais destaca tamén a realizada para o programa “Larpeiros” da Televisión de Galicia.

